A literatura galega: Introdución e etapas históricas. Textos conservados. Compositores e intérpretes. Periodización da lírica galego-portugesa. Cantigas de Amor.

- **Introdución**: no século XII aparecen os primeiros escritos en galego. Neste momento histórico o galego é a única lingua da sociedade galega, na que se expresan todas as clases sociais da época. Estes primeiros escritos non son de tipo literario, teñen carácter administrativo. Os primeiros escritos en galego que se conservan e que teñen carácter literario datan do século XIII.

- **Etapas históricas**
  - *A Idade media*: séculos XIII, XIV e XV; neste período a *poesía trobadoresca galaico-portuguesa* acada unha extraordinaria importancia e o galego convértese na lingua da lírica.
  - *Os Séculos Escuros*: séculos XVI, XVII, XVIII; época de decadencia na que o galego perde a súa condición de lingua literaria. Iníciase co declive da nobreza galega e a definitiva subordinación do territorio á coroa de Castela.
  - *O Rexurdimento*: século XIX; renacemento cultural e literario de Galicia, a lingua galega vai ser de novo utilizada na escrita, fundamentalmente na lírica con autores como Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal.
  - *Século XX*: a complexidade deste século fai necesario subdividir a súa análise en tres períodos: *preguerra* (ata o ano 1936), *posguerra e ditadura* (de 1936 a 1975) e *etapa actual* (de 1975 á actualidade).

- **A Idade Media**: nesta época, o primeiro xénero cultivado foi a lírica profana, despois chegaría o cultivo da relixiosa. Dentro da lírica profana diferenciaremos tres grandes xéneros: *cantiga de amor, cantiga de amigo e cantiga de escarnio e maldicir.*
  - *Textos conservados*: ademais doutros textos como o *Pergamiño Vindel* e o *Pergamiño Sharrer*, conservamos tres cancioneiros de lírica profana: *Cancioneiro da Ajuda (A, CA), Cancioneiro da Vaticana (V)* e *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (B, CB),* coñecido polo nome de "Colocci-Brancuti".
  - *Compositores e intérpretes*: no mundo social das Cantigas destacan os seguintes tipos: *trobadores, segreis, xograis, menestreis e soldadeiras.*
  - *A periodización da lírica galego-portuguesa*: a lírica medieval adóitase dividir cronoloxicamente en tres grandes períodos: *período primitivo ou preafonsino* (abrangue os últimos anos do século XII e a primeira metade do século XIII), *período de florecemento ou esplendor* (desenvólvese desde o ano 1245 ata o ano 1354, data da morte de Don Pedro, Conde de Barcelos) e *período de decadencia* (abrangue o século XIV desde o ano 1354 e todo o século XV).
  - *A lingua da Idade Media*: o Galego nesta época é a lingua falada por toda a poboación, unha lingua normalizada, ao mesmo nivel que

calquera das súas irmás románicas. Cómpre ter en conta, ademais, que era o idioma lírico non só de toda a Península, senón que se espalla fóra dela. Contrasta co galego de hoxe a existencia de vogais nasalizadas (ve(n)am→vẽa), o sistema de sibilantes(S-xordos e –sonoros), o sistema adverbial máis rico e que había unha maior liberdade sintáctica...etc.

- **Cantigas de amor**: segundo o profesor X.R. Pena, a cantiga de amor é un cantar feito por un home que se dirixe a unha dama mostrando o seu amor por ela. A voz que fala é a do home e aparece, normalmente, a palabra "senhor" ou unha variante desta.
  - *As orixes*: a orixe destas cantigas débese á combinación de tres correntes: *a influenza da cultura trobadoresca provenzal, a devoción mariana e a tradición autóctona*.
  - *Caracterización das cantigas de amor polo seu contido*: o profesor Tavani caracteriza a cantiga de amor como a xustaposición ou intersección de catro campos sémicos e un preámbulo que pode aparecer ou non. Estes catro campos sémicos serían: *o eloxio ou louvanza da dama, o amor do poeta por ela, a discreción ou reserva da dama e a pena polo amor non correspondido*. Os dous primeiros campos sémicos pódense considerar secundarios xa que se dan por suposto dentro do xénero, os dous últimos serían os principais.
  - *Caracterización formal das cantigas de amor*: as cantigas constan dun número indeterminado de *cobras* ou estrofas, que na nosa lírica normalmente son tres ou catro, cada unha composta por un número variable de versos, chamados *palavras*. No que á métrica se refire, a lírica medieval caracterízase porque o cómputo silábico chega só ata a última sílaba tónica do verso. En canto á rima, pode ser macho ou femia e consonante ou asonante. Estas cantigas poden ser de mestría(sen refrán) ou de refrán(con refrán).